

1

Que é Imaxina Coruña

IMAXINA CORUÑA é un concurso de investigación para estudantes de secundaria. Nel, os participantes deben desenvolver un proxecto de investigación orixinal que presentarán, unha vez finalizados, na feira científica Imaxina.

2

A quen vai dirixido?

Poderán participar **centros educativos públicos e concertados da Coruña e a súa área metropolitana (Abegondo, Arteixo, Bergondo, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada)**. Cada centro pode inscribir ata 3 grupos, cun mínimo de 2 e un máximo de 4 estudantes por grupo. Todos os grupos deben ser mixtos.

3

Por qué participar?

Investigar é apaixonante e enriquecedor. Permite aprender a traballar en equipo, seguindo as metodoloxías que utilizan os científicos e científicas, e presentar o proxecto ao público nunha feira científica que se celebrará na Domus. E os premios inclúen viaxes a outras Científicas!!

Asemade, Imaxina cubre os custes de compra de materiais para desenvolver o traballo. Os centros participantes recibirán un pago de 150€ por proxecto para investir en recursos.

Vas perder esta oportunidade?

4

Temática

O tema deste ano é "**Auga Limpa, Futuro Sostible**", aliñado co ODS 6 da Axenda 2030 da ONU, que busca garantir a xestión sostible da auga e o saneamento. Os proxectos deben propoñer solucións innovadoras a desafíos relacionados co acceso a auga limpa.

Que podes facer? Imaxina... Proxectos de tratamento de augas, dispositivos para o uso racional, investigacións sobre o uso que damos a este prezado recurso... existen moitísimas posibilidades.





5

Inscrición

Do **28 de outubro ao 22 de novembro**, a través da ficha que podedes atopar na web https://edu.coruna.gal/coruna_educa_centros/xestion/actividades/listaxe

Xunto coa solicitude, deberá incluírse:

- Título do proxecto
- Nomes, apelidos e DNI das persoas participantes
- Breve descrición do proxecto que se propón (máximo 10 liñas)
- Relación de materiais previstos para o desenvolvemento do proxecto de investigación.

6

Hitos

O concurso desenvolverase dende novembro ata abril de 2025.

- **6 novembro 2024 as 17 horas. Presentación presencia e telemática do concurso.**
- **Novembro - marzo de 2025. Preparación do Proxecto** (Durante este período, os centros contarán con asesoramento continuo).
- **Ata o 31 de marzo de 2025, Presentación da Memoria Final.**
- **Valoración e Preselección:** Un xurado avaliará as memorias e seleccionará os proxectos para a feira.
- **26 Abril 2025. Celebración da Feira Imaxina.**
- **Maio 2025,** Participación dos gañadores na Zientzia Azoka de Bilbao

7

Premios

- **3 grupos viaxarán a Zientzia Azika de Bilbao** para presentar o seu proxecto (traballos gañadores das categorías; Sustentabilidade, innovación e compromiso social).
- **Premio de 500€** para inverter en material educativo para cada un dos centros educativos dos traballos gañadores.
- **Premio de 500€** para material educativo para o traballo máis singular.
- **Premio ao mellor vídeo relato.** O mellor audiovisual recibirá un agasallo consistente nun estabilizador.

8

Contacto

Para calquera consulta o dúbida, podes contactar con nos a través do correo electrónico e o teléfono.

[David Ballesteros | 655 47 64 85](mailto:imaxina@coruna.gal)
imaxina@coruna.gal